



# BOP

VIERNES, 22 DE SETEMBRO DE 2023

N.º 219

## DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org  
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 22 SET. 2023  
ata a día 23 OCT. 2023  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERIA E VIXIANCIA

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

#### Anuncio

**NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD DÚAS (2) PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, GRUPO C- SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO).**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 15 de setembro de 2023, adoptou entre outros o seguinte acordo, que se reproduce de xeito literal:

*"As bases xerais que regulan xunto coas bases específicas, os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - IC) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre publicáronse no BOP núm. 241, do 21.10.2022.*

*A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso, dúas (2) prazas de Administrativo/a da escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C - subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 241, do 21.10.2022.*

*Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co*

punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionarias de carreira a:

**Dona María Isabel Lourés Cancelo**, para ocupar a praza número 184, denominada Administrativo/a, escala administración xeral, subescala administrativa, grupo C - subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Administrativo/a Entrada número 1129, vinculado á citada praza.

**Dona María del Carmen Rivas Pozo**, para ocupar a praza número 1228, denominada Administrativo/a, escala administración xeral, subescala administrativa, grupo C - subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Administrativo/a Entrada número 1294, vinculado á citada praza."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 18 de setembro de 2023 .- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero

R.2947

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 22 SET 2023  
ata a día 23 OCT 2023  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA